

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Convenios colectivos

*CORRECCIÓN DE ERROS DO CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA CESPAS, S.A.
PARA O PERSOAL ADSCRITO AOS SERVIZOS DE LIMPEZA PÚBLICA E INTERIORES
CONTRATADOS CO CONCELLO DE PONTEVEDRA*

Visto o BOP número 29, do 9 de febreiro do 2018, polo que se publica o convenio colectivo da empresa CESPAS, S.A. para o persoal adscrito aos servizos de limpeza pública e interiores contratados co concello de Pontevedra, procede rectificar o mesmo de conformidade cos antecedentes de feito e de dereito que se mencionan a continuación.

Por resolución do 23.01.2018, esta Xefatura Territorial ordenou a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do convenio colectivo para o persoal do servizo de limpeza pública e interiores contratados co Concello de Pontevedra, adscrito á empresa CESPAS, S.A.

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 29 do 09.02.2018, publica o devandito convenio pero no título do anuncio da publicación fai referencia “aos servizos de limpeza pública e interiores contratados co concello de Vigo”, cando debería dicir “co concello de Pontevedra”.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

www.cigservizos.org

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Cuarto.- O artigo 109.2 da lei 39/2015, do 1 de outubro, procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 do 02.10.2015) establece que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos,

Esta Xefatura territorial,



Luns, 5 de marzo de 2018

Núm. 45

ACORDA:

Primeiro.- Rectificar o anuncio da publicación do convenio colectivo do persoal do servizo de limpeza pública e interiores contratados co concello de Pontevedra, adscrito á empresa CESPA, SA, no BOP do 09.02.2018, do seguinte xeito,

- **Onde di:** “Convenio colectivo da empresa CESPA, S.A. para o persoal adscrito aos servizos de limpeza pública e interiores contratados co Concello de Vigo”
- **Debe dicir:** “Convenio colectivo da empresa CESPA, S.A. para o persoal adscrito aos servizos de limpeza pública e interiores contratados co concello de Pontevedra”

Segundo.- Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Vigo, a 19 de febreiro do 2018.

O xefe Territorial
Ignacio Rial Santomé

SERVIZOS

www.cigservizos.org

